

## FUNDACIÓN DEIXALLES.

Antonio PONS CAÑELLAS

*Fundación Deixalles*

A Fundación Deixalles (Palma de Mallorca), presente no traballo social e ecolóxico, cumpre nove anos perseguindo espazos de solidariedade "que non poden estar á marxe dun intento de xestión empresarial e financeira". Descríbense as actividades e obradoiros e valóranse os resultados, perspectivas e procesos de integración en redes solidarias. Propúgnase a figura xurídica de "empresa de inserción".

### 1. Necesidades e formas de inserción.

A Fundación Deixalles cumpriu no presente setembro 95 os seus primeiros nove anos de existencia. O que foi proxecto incipiente e asentado na vontade de algunhas persoas e sobre todo no afincamento do seu patronato (Acción Social de Cáritas Mallorca e Pequena e Mediana Empresa de Mallorca) demos conseguido que a fundación sexa unha realidade dentro da sociedade mallorquina.

Unha realidade presente no traballo social e ecolóxico: no fondo somos e queríamos seguir a ser un pequeno punto de referencia de dous temas que arestora convértense nunha necesidade imperiosa: a loita contra a pobreza, a marxinação... e a de manter un respecto polo medio ambiente.

Os nosos esforzos pretenden encamiñarse cada vez máis cara este intento de equilibrio. Cremos firmemente nas posibilidades humanas e sociais para xeraren recursos "sostibles" capacitadores de que a intervención humana é e pode ser factible en cotas de solidariedade presente e futura e estas cotas non poden estar á marxe dun intento de xestión empresarial e financeira na que os puntos de referencia sexan as persoas e o contorno.

As actividades escollidas para conseguir estes puntos de referencia concréntanse na Recollida Selectiva de R.S.U. cuns guarismos aínda insuficientes, pero que dan unha imaxe de ata onde pode chegar esta actividade:

	Media semanal
* Recollida de papel	190 t
* Recollida de vidro	270 t
* Recollida de roupa	18 t
* Recollida de latas	2,5 t
* Recollida de voluminosos	100 t

Hai que agregar unha media de 800 quilos/ano de pilas.

Todos estes materiais son tratados nos diferentes talleres.

## **2. Obradoiro de carpintería.**

A finalidade deste obradoiro concrétase na restauración dos mobles recollidos e na recuperación de madeira vella para a realización de mobles novos. A liña de mobles novos recuperados intenta responder á tradición mallorquina.

## **3. Obradoiro de electrodomésticos.**

Aquí arránxanse os electrodomésticos recollidos: lavadoras, neveras, cociñas... cambio de pezas defectuosas, reparacións diversas, comprobación dun bo funcionamento, limpeza dos electrodomésticos reparados... Os electrodomésticos inservibles ou imposibles de reparar desármanse e son trasladados por unha empresa para a súa posterior reciclaxe.

## **4. Obradoiro de roupa.**

Neste obradoiro realízase a selección e prensado da roupa. Esta selección obedece a diversos criterios: en primeiro lugar selecciónase a roupa de segunda man que serve para a revenda; en segundo lugar selecciónase a roupa polos seus diversos usos, pantalóns, chaquetas, etc. e finalmente a roupa que pode servir para reciclar. Cada unha das seleccións menos a roupa da revenda prénsase por separado.

## **5. Selección de papel, botellas, vidro.**

O papel que se recolle en Deixalles selecciónase entre branco, ordenador e outros e transládase ás empresas de papel reciclado. A selección de botellas obedece ó criterio de intentar selecciona-las diversas botellas útiles para un novo envasado, así como o do vidro branco teno en función das necesidades da industria mallorquina que usa este produto desta determinada color.

## **6. Obradoiro de cerámica e "Maságiles".**

A Fundación Deixalles realiza a actividade de fabricación de ánforas de cerámica e de "Maságiles" para a empresa Body Shop. Esta actividade constitúe un afinamento desa empresa ós procesos de inserción laboral no noso centro.

Ademais destes obradoiros terapéuticos temos que facer mención ó Obradoiro de Educación Ambiental, desde o que visitaron Deixalles 3.500 persoas, tamén fixemos Obradoiros Medioambientais para 2.200 persoas e participamos

en mesas redondas, coloquios, entrevistas sobre temas de inserción ou ecolóxicos.

Un dos aspectos a destacar ultimamente é a ampliación da nosa actividade profesional, froito da nosa propia experiencia en temas de reciclaxe de residuos e da nosa actividade social máis alá das nosas fronteiras isleñas. Desa maneira podemos falar de:

Un curso na Universidade de Roma sobre reciclaxe e inserción.

Un curso de tres días organizado por REPRIS (Rede de grupos que traballan dentro do programa europeo Horizon Desfavorecidos) e o Concello de Badajoz, referente á reciclaxe de R.S.U.

Un curso en Barcelona para o centro TRNIJOVE.

Charlas en Barcelona, Zaragoza, Tarragona, Bilbao, Mahón, Ibiza, etc.

## 7. Área social, movementos de usuarios e problemáticas.

Durante o ano 1994 os guaritmos de movementos de usuarios revelan un dato alentador: o número de persoas beneficiarias do programa de reinserción socio-laboral foi aumentando considerablemente respecto dos anos anteriores. Desta forma de 35 persoas ingresadas no proceso no ano 93 pasamos a 55 persoas no 94 contando con Deixalles de Soller, unha delegación de Deixalles neste pobo da Serra de Tramuntana, aberta hai un ano.

Durante os anos que vimos funcionando fomos concretando o obxectivo do noso traballo: pretendemos ser un recurso especificamente laboral, dirixido ás persoas excluídas do mercado laboral por razóns sociais. Os instrumentos utilizados para levar a termo estes fins son: a laborterapia, o afinamento técnico e humano do equipo de monitores, o traballo dos centros derivantes e a posibilidade de atopar unha ocupación ou de crear unha pequena empresa a través do Gabinete de Orientación Laboral.

Os datos de ingresos do 94 son os que seguen:

### INGRESOS

—Pobreza	8	
—Problemática Alcohol	3	
—Toxicomanías	7	
—Xoves	5	
—Problemática psíquica	4	
—Prisión	4	
—Minorías étnicas	4	
—Estranxeiros	2	
—Parados longa duración	6	
—Transeúntes	12	
<b>TOTAL</b>	<b>55</b>	<b>(48 Deixalles e 7 Deixalles Soller)</b>

Tódolos esforzos da Fundación plásmanse en último termo nos resultados, na capacidade do centro de promocionar a cidadáns e cidadás cara a autonomía persoal, a autoestima, a posibilidade de emprender camiño cos seus propios medios.

Tódalas persoas cando terminan os seus procesos nos Obradoiros de Deixalles pasan ó Gabinete de Orientación Laboral onde comezan a búsqueda dunha colocación.

En canto ós datos dos resultados de reinserción, considéranse positivos.

### SAÍDAS

—Abandonan o proceso por iniciativa propia	5
—Colocados	16
—Derivados ó centro de orixe por recaída	1
—Xubilados con pensión	2

Outra actividade que o noso Centro puxo en funcionamento é o Gabinete de Orientación Laboral (GOL). Este gabinete tenta ser un instrumento con distintas vertentes: por un lado o apoio á busca de emprego para persoas en paro de longa duración ou a busca do primeiro emprego dentro dos sectores xuvenís con fracaso escolar pero que fixeron certa formación profesional.

Tamén este Gabinete orienta a súa actividade na constitución de emprego mediante iniciativas empresariais alternativas, é dicir, que asumen no seu funcionamento uns certos criterios sociais e medioambientais.

En relación con este último punto no ano 1994 constituíuse unha empresa de recollida e tratamento de chatarra e púxose en marcha un estudio de viabilidade doutra empresa de reciclaxe de toners.

En canto á actividade de persoas colocadas por conta doutros, os resultados foron:

- 166 persoas atendidas.
- 100 saen con traballo.
- 37 causan baixa por diversos motivos e sen conseguir un contrato de traballo.
- 29 continúan en proceso de busca de ocupación.

A todas estas persoas déuselles apoio de formación en "técnicas de busca de emprego", de acompañamentos e de entrevistas diversas.

Conxuntamente ós esforzos de cada día xa explicados cada vez somos máis conscientes que iniciativas como as explicadas necesitan dunha relación permanente con outras semellantes, como maneira de intercambiar experiencias e aprendizaxes nestes novos conceptos económicos e sociais máis respectuosos co medio ambiente e coas persoas.

Neste campo, Deixalles está vinculado ás distintas asociacións que traballan dentro destes horizontes:

<b>AERESS,</b>	Asociación Española de Recuperadores de Economía Social y solidaria.
<b>REEAS,</b>	Red Europea de Economía Alternativa y Solidaria.
<b>REEAS,</b>	Red Española de Economía Alternativa y Solidaria.
<b>REPRIS,</b>	Red Española de Promoción e Inserción Social.
<b>ASOCIACIÓN 2001,</b>	Consortio Europeo Para la Promoción de Proyectos Sociales.

Moitas das relacións formuladas como Asociación 2001 proveñen do traballo formativo e de inserción que o noso Centro realiza mediante os Proxectos Europeos, "Iniciativa Horizon". Os obxectivos desta actividade que non é regular ou permanente concréntanse en:

- \* Cursos de Formación en temas medioambientais.
- \* Constitución de empresas, resultado daquela formación.
- \* Colocación por conta allea en temas relacionados.

## 8. Financiamento.

Basicamente fundamentado sobre os recursos propios e en relación ó volume de vendas dos produtos recollidos, mobles, electrodomésticos, roupa, papel, vidro... Tamén nos servizos diversos que ofrecemos:

- \* Recollida selectiva de R.S.U.
- \* Apoio á busca de emprego por parte do Gabinete de Orientación Laboral.
- \* Recollida domiciliaria de R.S.U. nos pobos.

Un 10% proveniente de diversas subvencións e pouco menos do 15% en concepto de formación.

## 9. Principais problemas e debates.

O primeiro, principal e básico é o feito de que non exista unha figura xurídica de "Empresa de Inserción", o que motiva que as experiencias empresariais que poidan xurdir téñeno que facer en igualdade de condicións cás outras empresas sen teren en consideración que os procesos de inserción necesitan uns espazos de tempo que non se resollen só con formación.

Outro aspecto a destacar é o financeiro no referente ás iniciativas empresariais. Necesitamos financiamento propio ou doutras entidades que, sen caír en paternalismos, adecúen o financiamento a proxectos sociais e medioambientais con fins non expresamente lucrativos.

Por outro lado temos que potenciar e afinar os instrumentos metodolóxicos da formación no que fai referencia ós obxectivos da constitución de empresas (sociais, ecolóxicas...) e das súas necesidades de coordinación, así como das

relacións a establecer entre a fundación e as cotas de autonomía das empresas constituídas.

En último término atopámonos cun auténtico reto en canto ó traballo de reciclaxe de R.S.U., un tema no que a medida que avanzamos se desenvolven máis necesidades e coñecementos técnicos, necesidades que ás veces son difíciles de combinar coas esixencias e obxectivos de inserción social que nos caracteriza.

## 10. Perspectivas.

- \* Amplia-lo tema da reciclaxe dos R.S.U. mediante un proxecto de compost.
- \* Asegurar desde a iniciativa Horizon II un conxunto de relacións e afinamentos que resolvan os problemas formulados en canto á constitución de empresas. Tamén dar continuidade á Iniciativa dispois da súa conclusión.
- \* Afortalar tódolos lazos coordinativos nos que estamos implicados, como forma de consolidar un esforzo común na tarefa de intercambios técnicos, metodolóxicos, formativos e de inserción así como na constitución de empresas alternativas.

**SUMMARY:** The Fundació Deixalles (Palma de Mallorca), present in social work and ecology, has spent nine years now pursuing areas of solidarity "that cannot be marginal to an attempt at company management and financing". The activities and workshops are described and the results, perspectives and processes of integration in solidary networks are valued. The legal entity of "empresa de inserción" (employment company) is advocated.